

Onstopus

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº42/ Ano: 2022 / 1º xornal Mes de xaneiro / Estado de 6ª onda

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com



PAZO DE LOURIZÁN

Podería ser un Centro de Interpretación de Ons no Parque Nacional?

Levamos dando ideas para que a Illa de Ons teña un lugar adecuado como Centro de Interpretación. Consideramos varios espazos no concello de Bueu, pero parece que a Corporación no está polo labor. O de Lourizán podería ser unha idea. **Páx 1**

PATRIMONIO INMATERIAL e ONS ETNOGRÁFICA

Seguimos reivindicando un estudo, feito por especialistas, sobre o tema Etnográfico da Illa de Ons e o seu Patrimonio Inmaterial.

Esta temática está a piques de desaparecer. Cada vez son menos as persoas aunienses que poden falarnos sobre ese magnífico Patrimonio que quedará gardado na memoria dos veciños e con eles extinguirase para sempre. **Páxs. 1 e 5**



COORDINACIÓN ENTRE PARQUES E CENTRO FORESTAL DE LOURIZAN

Para poder levar a cabo unha reforestación de árbores autóctonas feita e dirixida por especialistas. **Páx. 2**



BREVES

- Ata sempre Victor Domínguez Antas. **Páx. 1**
- Ons na Memoria: Foguetes para as festas. **Páx. 2**
- HemerONSteca. Sobre a palabra Aunonense. **Páx. 2**
- Adrián Ferrer sobre o 2021. **Páx. 4**
- Vídeos e xogos sobre o Parque Nacional. **Páx. 5**



ONS PERDE OUTRO DOS SEUS FILLOS

Avelino Patiño Méndez, deixounos o pasado mes de decembro de 2021. Con el vaise un gran auniense, desa última xeración que naceu, viviu emigrou a Bueu,..., pero que conservou as súas raíces na Illa. Deixou un legado que de seguro seguirán os seus fillos.

Na foto con Tinón, o seu quinto

Páx. 3.

NOVAS SUBVENCIONS DO ARI

No Doga do 30 de decembro de 2021, volven a saír convocadas Axudas para o Parque Nacional que, ata o de agora, non foron solicitadas polos aunienses. Pasará de novo que o Concello de Bueu, Parques e a Asociación veciñal non prestarán axuda aos veciños de Ons para solicitalas? **Páx. 4**



NOVA LEI SOBRE ANIMAIS DE COMPAÑA

Con esta nova Lei, os aunienses poderán levar a Ons á súa mascota (can) nas súas estancias na Illa? **Páx. 5**



PAZO DE LOURIZÁN

Podería ser un Centro de Interpretación do Parque Nacional?

Cando decidiron poñer en valor as illas atlánticas converténdolas en Parque Nacional polos seus valores naturais e históricos, andaron á busca dun lugar adecuado para instalar o Centro de Visitantes xeral do Parque e as súas oficinas.

Moitos lugares valoráronse, entre eles, o Pazo de Lourizán. Cal sería o motivo de non escollelo?

Poderíamos darlle moitas voltas, pero quizais, entre os puntos en contra, estaría a súa radicación fronte as fábricas de celulosa e cloro. Aínda así, sería o lugar ideal tendo ao lado o Centro Forestal, estar a carón da ría de Pontevedra cunha illa (Tambo, que xunto coa de San Simón, deberían estar xa incluídas no Parque), a escasos km do porto de Marín, onde poderían ter os barcos do Parque e, sobre todo, o espazo idílico que representa ese Pazo e os seus xardíns.

Levamos neste xornal solicitando un Centro de Interpretación de Ons, dentro do Parque Nacional, en Bueu, pero parece ser que a esta corporación non lle interesa o tema, aínda que sería un punto importante para o valor patrimonial dalgún dos edificios históricos do municipio e non digamos dende o aspecto cultural, pero comprobamos que o Parque, e dentro del a Illa que pertence ao seu municipio, Ons, non lles interesa, agás para temáticas puntuais.

Pois ben, quizais Pontevedra si poida ver neste Pazo de Lourizán o sitio ideal para dedicalo a Centro de Interpretación da Illa de Ons, dentro do Parque, e poñer en valor a Illa de Tambo para a súa recuperación histórico-natural.

Podería ser unha baza interesante para a restauración deste Pazo, dos seus magníficos xardíns e para a súa dedicación interpretativa das Illas da ría de Pontevedra: Ons por pertencer ao único Parque Nacional galego cunha interesante faceta natural e histórica, cunha importantísima cultura popular que data de hai máis de 210 anos nacida dunha comunidade etnográfica e antropolóxica única de grande interese; e Tambo que en pouco pasará a mans do municipio de Poio e que, xunto a este concello, tamén podería ter o seu espazo interpretativo, quizais mirando a un futuro próximo en que se solicite a súa incorporación ao Parque.

Animo dende aquí a que se estude, tendo en conta as magníficas axudas que se poderían conseguir tanto nacionais como europeas, para a súa rehabilitación.

Fotos: elespañol.com / piratasdenabia.com / cultura.gal / wikipedia.org



ATA SEMPRE VICTOR DOMÍNGUEZ ANTAS

O día 29 de decembro, recibimos a triste nova do falecemento de Victor Domínguez, Presidente da Asociación “Os Galos” de Bueu, que dedicou parte da súa vida á reivindicación e recuperación das Embarcacións Tradicionais.

Nos últimos números de Onstopus falabamos del e da asociación que presidía por mor do importante labor de recuperación da dorna auniense “Elvira” para o Parque Nacional e posteriormente ao saber que a viúva de Stafant Mörling doaba a dorna deste á Asociación e que en breve comezarían os labores de rehabilitación.

No nome dos socios de Pineiróns unha aperta á familia e a todos os socios de Os Galos.

Foto: Victor Fernández revisando a dorna de Mörling. Faro de Vigo

O PATRIMONIO INMATERIAL DE ONS

Aínda que lle dedicarei máis tempo a este tema da etnografía e antropoloxía de Ons, empezar solicitando para este ano que comeza (2022) que, ao igual que Parques, despois de anos solicitándoo, puxo os medios para que se realizaran traballos arqueolóxicos na Illa, que tamén o faga para que se realicen estudos e investigacións no campo etnográfico que, todo hai que dicilo, están a piques de desaparecer da memoria dos aunienses ao ir, por desgraza, desaparecendo as persoas dunha certa idade que nos poderían falar desta temática.

Sería moi importante que o Técnico Cultural, que tanto levamos pedindo, ou algún membr@ do equipo de Guías do Parque, teña unha dedicación, case que exclusiva e con presuposto adecuado, para, como mínimo, comezar recompilando todo o que ata o de agora se investigou e, posteriormente, preparar un programa de actuación con vistas a un estudo máis exhaustivo e urxente, antes de que desapareza da memoria dos poucos aunienses que aínda poden axudar á recompilación e recuperación deste Patrimonio único.



Rosa Pérez, filla de Rosa, a parteira de Ons e Cachote o carpinteiro de ribeira da Illa, impartindo unha charla sobre os costumes de Ons aos rapaces do Campamento.



ONS NA MEMORIA

As festas de San Xaquín Ons, segundo contan os aunienses, sempre foron especiais. Viñan xentes de toda a contorna: Morrazo, Salnés, Pontevedra e ata do Barbanza, coa que tiñan boa sintonía por iso das dornas. Buscaban os mellores grupos musicais para os tres días de festa, aínda que tiveran que poñer os barcos propios para ir buscalos, pero, dende logo, o que non podían faltar eran os fogos.

En toda Galicia, e non ía a ser menos Ons, unha festa sen fogos, non é festa.

Aquí temos aos rapaces daquela, que se facían cargo da Comisión, cargando cos fogos que, en diferentes momentos do día e, ata dende as propias casas, anunciaban o gran acontecemento.

COORDINACIÓN ENTRE O CENTRO FORESTAL DE LOURIZAN E O PARQUE NACIONAL I. A.

Unha das teimas do Parque Nacional é que a flora das súas Illas estean limpas de especies foráneas ou que podan ser prexudiciais. Para iso levan, case dende o seu comezo, unha serie de traballos co fin de erradicalas. Entre eles está a corta de árbores como o eucalipto e a acacia.

É de supoñer que estas actuacións están sendo avaladas por técnicos pero, o que non acabamos de entender e non quixeron explicalo sempre que llo solicitamos, é o por que, á vez que cortan, non repoboan con especies que si poden adaptarse ás características do Parque Nacional.

Para este cometido, consideramos importante unha coordinación entre o Centro Forestal de Lourizán, como técnicos, e o Parque e levar a cabo os estudos necesarios para buscar que especies poden adaptarse as características climáticas da Illa de Ons.

Non entendemos o por que os alumnos do Centro Forestal realizan prácticas na Illa e que esas prácticas sexan, precisamente, de *roza*, como a última do 2021 que se levou a cabo na zona da Entenza.

Para cortar e rozar, cun mínimo estudo, hai persoal dabondo que constantemente levan como voluntarios, pero, o importante é persoal cualificado que estude e saiba que tipo de repoboación hai que facer e como facelo.

A ver se este 2022 hai cambios ao respecto.



Foto esquerda: A Conselleira de Medio Ambiente, que o é tamén do Parque Nacional, no 75 aniversario do Centro Forestal de Lourizán.

Faro de Vigo.

Foto dereita: Unha das últimas cortas de eucalipto no barrio de Melide



su imperio; y más adelante son enviados á Coimbra (465).

Ajax, gálata de nación, apóstata y antigo arriano, alzáse entre los Suevos á combatir, con el auxilio de su rey, la fe católica y la Divina Trinidad. Este virus pestífero del hombre enemigo procedía de la región de las Galias ocupada por los Godos (465).

Encruelécense los Suevos contra la plebe Aunonense (1), siendo esta la causa de que Theudorico enviase legados á Remismundo, aunque en vano; pues, menospreciados por éste, vuélvense al instante (466).

Anthemio, hermano de Procopio, enviado por León Augusto, encamínase de Constantinopla á Italia con Marcelino y otros condes é ilustres varones y

(1) Excusado parece advertir que la palabra *plebe*, empleada por Idacio al hablar de los Aunonenses, y que nos ha parecido conveniente conservar en la traducción, no significa aquí el pueblo bajo, sino el pueblo en general, equivaliendo á *collectio hominum*.

La situación de los Aunonenses, nombrados tres veces por Idacio nos es desconocida, por no hacerse mención de ellos en ninguno de los antiguos geógrafos. Creen algunos que los Aunonenses no son otros que los Aunios, citados por Plinio entre los pueblos del convento Lucense (lib. 4, cap. 20), y suponen que habitaban en la isla de Ons, á la entrada de la ría de Pontevedra, siendo su capital Aunonia; otros los colocan á orillas del río Aro ó Aze, hoy Dave, en Portugal; otros hacia Tuy, en la provincia do Miño, y otros, en fin, en las cercanías de Orense. El Dr. Casasa, en el estudio antes citado, se adhiere á esta última opinión, y aun trata de sostener que *Auregensis* y *Aunonensis* vienen á ser una misma cosa. Según él, como los germanos rendían culto á las ninfas de las aguas, y la ciudad de *Auria* estaba situada alrededor del maravilloso manantial de las Burgas, la voz *Auria* de los céltico-romanos se transformó en labios de los suevos en *Aunus*, que en la hechicería germánica significa *el rey de los suevos*, genio maléfico, con ropaje de neblina y corona de fuego, que se paseaba durante la tarde por las orillas de los ríos, accechando á los jovencitos para atraerlos con palabras seductoras hacia las aguas (Diccionario de Mitología, por el Abate Migue: París, 1855.) Tan erudito razonamiento, de no escaso interés etimológico por lo que respecta á la voz *Aunus* ó *Aunonia*, no nos parece lo bastante para hacer de dos pueblos uno solo. Mientras no se alegue razón más poderosa que la mera semejanza de los nombres, ó se descubra que hubo yerro ó descuido por parte de los copistas, lo natural y más seguro es creer que Idacio empleó dos distintos nombres, porque se trataba de dos distintos pueblos.

El ilustrado cronista orensano Sr. Fernández Alonso, en la réplica al estudio del Dr. Casasa, publicada en *El Eco de Orense*, sostiene que al *Aunonia* ni *Auregia* tienen nada que ver con la antigua *Auria*, cuya existencia en la época romana pone en duda—al menos como población importante—por no haberse descubierto hasta ahora restos de edificación que así lo comprueben. A su juicio, *Aunonia* estaba en el territorio de la actual provincia do Miño, como supone Ferrerías, y *Auregia* debe reducirse, como sostiene el escritor lusitano Gomes de Lima Boterra, al pueblo portugués de San Miguel de *Aurega*, distante cinco leguas de la ciudad de Tuy, del cual hace mención San Isidoro, y cuya iglesia figura entre las donaciones que, en 1125, hizo la reina doña Teresa á la Catedral de Tuy y á su Obispo D. Alfonso II. Siendo así, resultaría que los Aunonenses y los *Auregensis* estaban muy próximos, limitando tal vez con otros, por manera que bien pudieran considerarse como dos pueblos hermanos. Lo cierto es que los Aunonenses eran tan aguerridos y fuertes, que los Suevos, sin pudiendo suajarlos, víense obligados á pactar con ellos la paz.

HemerONSteca

Pasáronme esta curiosa foto dun Boletín da Comisión de Monuonario de Ourense. Nela noméase a unha plebe Aunonense e, curiosamente, na referencia a ela fala dos Aunonenses como os Aunios citados por Plinio e que supoñen habitaban na Illa de Ons.

Non fun moi descamiñado cando, descoñecendo isto, e despois das escavacións que se están levando a cabo no barrio de Canexol en Ons, descubriran un xacemento romano dedicado á salga e que, no próximo Castro dos Mouros, tamén atoparan moedas e restos romanos, que eu, con axuda dun especialista, puxera aos habitantes de Ons o nome de *Aunienses*.

A ver se algún especialista na materia nos saca de dúbidas e nos dá unha información ao respecto máis técnica.

ONS PERDE OUTRO DOS SEUS FILLOS

DEIXOUNOS AVELINO PATIÑO MÉNDEZ

Avelino pertencía a ese grupo de xeracións de veciños de Ons que ía dos 50 aos 70 anos. Aunienses que naceron en Ons, viviron etapas moi duras na Illa, obrigáronos a emigrar ao continente,..., pero que non deixaron as súas raíces illáns. Seguiron mantendo a casa herdada dos seus pais e, cando puideron, despois de montar con moito traballo unha nova vida en Bueu, arranxárona para seguir vivindo nela e deixarlle en herdanza aos seus fillos.

Avelino era un home bo, legal, de palabra,..., disposto a dar todo pola súa familia e tamén polos seus amigos. A porta da súa casa sempre estaba aberta para recibir a aqueles que o querían.

Era o <meu quinto>. Pertenciamos á “Gloriosa do 57” e como quintos nos tiñamos e así nos chamabamos. Era un loitador pola súa Illa e deixa un enorme baleiro, aínda que, estou seguro, continuarán os seus fill@s.

ÍMOSTE BOTAR MOITO DE MENOS



Avelino coa camiseta que fixemos na Illa para celebrar o Xacobeo de 2010.

Serie de fotos de Avelino De arriba abaixo.

-Con Mayán, o Presidente de Honra da Asociación Cultural PineirÓns.

-Levando a San Xaquín o día da Festa.

-Xogando unha partida ao dominó cos PineirÓns: Tabo, Maqui e Pepe de Vigo.

-Co seu <quinto> Tinón, con Lupe e coa súa muller, Gloria. Momentos difíciles cando xa o “bicho” comezaba o seu ataque.



Foto arriba:

Co penúltimo barco que patroneou “O Envidioso”. Aí o vemos co seu fillo Veli, diante da ponte, cando aínda era estudante.

Foto da dereita:

Moi cariñoso coa súa muller, Gloria, nunha das festas do Pirata



NOVAS SUBVENCIÓNS DO ARI

Instituto Gallego de la Vivienda y Suelo (DOGA 30/12/2021)

EXTRACTO de la Resolución de 23 de diciembre de 2021 por la que se convocan distintas líneas de subvenciones para actuaciones de rehabilitación para el año 2022 del Programa de fomento de la regeneración y renovación urbana y rural del Plan 2018-2021, para actuaciones de rehabilitación o renovación de edificios

y viviendas situadas en los ámbitos de las áreas de rehabilitación integral de los Caminos de Santiago y del Parque Nacional de las Islas Atlánticas (código de procedimiento VI408H).

De novo, un ano máis, saen as subvencións do ARI para o Parque Nacional. De novo, o concello de Bueu e a Consellería de M. Ambiente, non informarán aos veciños de Ons para que poidan solicitar esas axudas para a rehabilitación das súas casas aunienses nin porán ao seu servizo un administrativo para que axuden na súa solicitude. De novo, a asociación de veciños pedirá axuda ás administracións para facilitar a petición e de novo as administracións (Concello e Parques) pasaran deles. E xa por último, de novo, falarán da complicación para realizar a solicitude e os veciños quedarán sen solicitálas.

Que pena, porque en realidade non miro a súa complicación e, se son varios veciños, unha asesoría ou a mesma empresa que vai realizar as obras, poden tramitalo sen tanto custo.

En varias ocasión temos falado da importancia dun Estudo sobre as vivendas de Ons para coñecer as súas necesidades. Témoloo falado co Concello, con Parques e coa propia Asociación veciñal. Nestes intres en que saen estas axudas e, mesmo as do propio Parque, de ter ese estudo, sería doado contactar cos veciños, coñecer as súas posibilidades económicas, mirar se están polo labor de realizar obras de mantemento, rehabilitación e adaptación á arquitectura mariñeira da Illa e axudalos na súa solicitude. Por que non se fai?

Parques dixó sempre que tiña un Estudo feito. Cando llo pedimos para contrastar coas necesidades, din que están a facer un novo,....., e así estamos, nin arre nin xo.

A ver que trae este 2022 neste tema.



Cando estaba a piques de rematar o ano, un compañeiro dos que están metidos en Facebook, envioume unha carta que inserira o noso amigo auniense Adrián Ferrer. Gustoume e pedínlle permiso para poñela en Onstopus. Aquí vai.

Parece que marcha o 2021 un ano raro, un ano que a verdade quero que marche e non volva marcado pola covid e a falta de xente que non debía marchar.

Lideiras laborais e formativas a cabeciña non parou a verdade, foi un ano no que rematei o contrato de Mestre Composteiro na Depu., aínda boto de menos esa rutina e a xente que a covid non deixou despedir, un ano que si, por fin, rematei o grao de Enxeñaría Forestal. Canto traballiño ese TFG (Non falemos das mates!) Pero a cabeza as veces...

Foi o ano que volví a Casa Checho, nun verán difícil, medida arriba medida abaixo, pero co gusto de ter eses clientes de todos os días: o cortado de Cesáreo, o con leite de Milucho,...., e os Viña Pomales dos da Moncloa (Maqui, Pepucho, Tinón,...). E coñecer boa xente coa que traballar, pero veu a covid e tocoume, pero resistín a el.

Despois pórme a opositar e finalmente volver a andar cos composteiros ás voltas, iso si, cun servizo privatizado.

Pero quedémonos co bo, o 2021 foi o ano de volver a ser tío, de que aparecese ese alguén que non buscabas, todo empeza por falar todos os días de calquera chorrada é un ano que seguen estando aí eses amigos e eses "irmáns" que todos os días nos chamaremos aboiados e a miña familia primus ou as super tías

Como foto deste 2021, algo raro un ano como outro, con cousas boas pero que un non o mira como un ano bo, escollo a foto de Adoración. Este ano volveu a súa casa despois de moitos anos, a casa onde casou, onde criou ás fillas e onde pasei moitos momentos con ela, así que un 2022 onde poida seguir estando con ela e cos nos@s.

Miñas vacas, que veña un 2022 sen pandemia que cumprades proxectos, amor e propósitos.

Eu, cun 2022 tranquilo e desfrutando da boa xente, xa me dou conforme, creo que quero un 2022 tranquilo

Boa entrada de ano xente



NOVA LEI SOBRE ANIMAIS DE COMPAÑÍA

<MASCOTAS DOS VECIÑOS, si ou non?>

Hai un par de anos, de paseo pola Illa, atopeime cunha veciña á que preguntei polo seu home. Esta me dixo que un dos dous non podía vir, xa que tiñan un can pequeno e, como non o deixan traer á Illa, pois un dos dous ten que quedar en Bueu por causa do animal pois non tiñan a quen deixarllo.

Cando cheguei ao parladoiro da taberna, comenteino e con asombro comprobei que non era un caso illado senón que varias familias aunienses víanse no mesmo problema.

Daquela díxenlle que o animal é parte da familia e como tal, cumprindo con todas as normas legais, podería acompañalos en Ons. Recordo que me dixeron que lles botaramos unha man, os de PineirÓns, solicitando á administración que puideran traeos aínda que os tiveran que ter na casa ou na finca, sen andar pola illa.

Díxenlle que, se a Asociación Veciñal o solicita para todos aqueles que teñan o problema e cumprindo coa norma que lle poñan, PineirÓns non tería inconveniente en apoiar a proposta, pero que debería ser unha reivindicación veciñal.

Así quedou o conto, coido que nada fixeron. Pero agora xurde unha nova Lei e quizais logren conseguir que os veciños poidan traer as súas mascotas á Illa, repito, sempre e cando cumpran coas normas que lle poñan, é por iso que pode ser un tema máis a tratar na próxima Mesa por Ons ou no Padroado, esa petición familiar auniense apoiándose na nova Lei.

Na man dos veciños e da súa Asociación está o reivindicalo.



VÍDEOS E XOGOS SOBRE

O PARQUE NACIONAL ILLAS ATLÁNTICAS

“DESCUBRE O PARQUE NACIONAL A VISTA DE PAXARO”

Ao longo de varios números de Onstopus temos falado sobre o Centro de Visitantes da Illa de Ons (<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>). Durante estes días de Nadal estiven a intentar poñer en orde todo o material de vídeo, propio e alleo, que teño sobre Ons e o Parque en xeral, e comprobei que hai un mundo de elementos que falan de Ons en particular e do Parque en xeral (vídeos, xogos,...).

Neste pasado ano, entre outros tipos de vídeos, o Parque sacou o que se deu en chamar “*Descubre o Parque Nacional a vista de paxaro*” dedicado ás catro illas que conforman o Parque. Coido que é moi interesante e, como todo o material que hai sobre o Parque deberían telo arquivado, é por iso que considero importantísimo que alguén se dedique a preparalo para, nos meses do verán, poida ser exposto no Centro de Visitantes, ben organizado, programado,..., e a horas que inviten á súa visualización, de aí, e non quero ser pesado, a necesidade dun Técnico ou Guia que planee este tipo de actividades que, de seguro, contribuirán a que Ons sexa un lugar elixido, turísticamente, por persoas vinculadas ao mundo ecolóxico, histórico, etnográfico,...

Coido que, de non facelo así, non poden dende a Administración dicir que os que van a Ons só buscan o botellón como medio de pasalo ben. Hai que poñer alternativas que dean a coñecer todo aquilo que Ons, como as demais illas do Parque, podan ofertar.

Nas mans dos xestores do Parque Nacional está a solución.

Comprobarémolo neste verán de 2022.

Fotos: Parque Nacional Illas Atlánticas.

ETNOGRÁFICA

“TEMPO DE NADAL”

Aínda que penso reflectilo na revista AUNIOS, vou a comezar unha sección dedicada ás múltiples historias que me contaron sobre temática etnográfica de Ons e que, coido, perdéronse para sempre pola falla de estudos especializados, e que, dende logo, non será por non reivindicalo durante máis de 40 anos.

Contábame a Sra. Juana: “*Na Noiteboa, poñíase na lareira de todas as casas da Illa, un pau grande a arder. Era de eucalipto e chamábase <O pau de Noiteboa>. Había que limpar ben a lareira e ata fregala se facía falla. Despois poñíase o pau e non se quitaba ata que só quedaban as cinzas. Estas logo, gardábanse nun pano, preparado ou feito exclusivamente para ese cometido, para, cando fixera falla, utilizalas en remedios caseiros e, sobre todo, para os <malos ollos> ou contra as <bruxas>.*

Á veces o pau non remataba de arder cando íamos para cama. Se era o caso, ao día seguinte de estar toda a noite a arder, se aínda quedaba algún anaco do pau sen queimar, é que había o agoiro, de que houbera para o ano seguinte, a posibilidade dalgún mal presaxio, polo que, gardábase para volvelo a prender cando xurdira enfermidade ou algunha adversidade na casa. Continuará...

